

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 17 de xullo de 2026

-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e cincuenta e un minutos do día dezasete de xullo do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luísa Sánchez Méndez,, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto María Beatriz del Cerro del Río, Secretaria, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros e Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37396.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 10 de xullo 2026.

2.37397.- APROBACIÓN DE CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+ CONVIVENCIA INCLUSIVA” E CONVOCATORIA DE 2026. (EXPTE. 2026042721)

• **ANTECEDENTES:**

1º.- De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, entre os obxectivos do sistema galego de servizos sociais está facilitarlles alternativas, recursos e itinerarios de integración social a aquelas persoas que se encontran en situación ou risco de exclusión social, e as entidades de iniciativa social son un instrumento necesario para complementar as políticas públicas neste eido.



No ámbito local, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, establece que é competencia das deputacións provinciais ou entidades equivalentes, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

2º.- En base a dita competencia, a Deputación de Pontevedra, a través do servizo de Benestar Social, convoca unha liña de subvención do programa “+Convivencia inclusiva”, dirixidas a promover a inclusión social, a igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, mediante o apoio ao desenvolvemento de actividades, proxectos e iniciativas de lecer inclusivo impulsados por entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra que favorezan a participación activa, a autonomía persoal e a integración comunitaria.

3º.- O obxecto destas bases é regular a convocatoria do programa “+Convivencia inclusiva” para o exercicio 2026, así como establecer o procedemento e as condicións que rexerán a concesión de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións de lecer inclusivo no ámbito da discapacidade e da dependencia na provincia de Pontevedra.

4º.- A xestión e resolución deste procedemento atenderá aos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Ao tratarse dunha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, as solicitudes que reúnan os requisitos da convocatoria resolveranse pola orde de prelación referida na base décimo sexta.

5º.- As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, e reducirase proporcionalmente, se é necesario, a contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.



6º.- Serán subvencionables aqueles gastos directamente vinculados á realización das actividades incluídas nas tipoloxías de actuacións dirixidas ás persoas usuarias da entidade, sempre que respondan ao obxecto e á finalidade do programa e se axusten aos criterios establecidos nestas bases reguladoras.

7º.- A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.231.480.05 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €), que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

A contía máxima da axuda será de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) por entidade, ata esgotarse o crédito orzamentario asignado para esta convocatoria. Non obstante, a contía efectiva concedida poderá axustarse durante a fase de xustificación en función dos gastos realmente xustificadas polas entidades solicitantes.

O importe final concedido determinarase segundo os custos acreditados na documentación presentada durante a xustificación, de modo que a axuda non poderá superar a contía de 2.500,00 euros nin exceder os gastos xustificadas.

8º.- Con data 11 e 30 de xuño de 2026, respectivamente, Secretaría Xeral e Intervención emiten informe favorable en relación á tramitación deste expediente (CSV: OIWS5XUXK5CA2DBO e E9XFFRMIYTLZ3FVQ), quedando condicionada a aprobación das bases á existencia de crédito adecuado e suficiente.

• **LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial.
- Bases de execución do Orzamento provincial.



- **PROPOSTA DE ACORDO:**

Considerando que o órgano competente para aprobación das bases reguladoras é a Xunta de Goberno, de conformidade có estipulado nas bases de execución do orzamento provincial, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

-Aprobar a Convocatoria e bases reguladoras das subvencións do programa “+Convivencia inclusiva”.

O texto íntegro das bases, que figuran asinadas no expediente co CSV: NR0VX3KCCDXZQGJN, reproducése a continuación:

**BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “+CONVIVENCIA INCLUSIVA” E CONVOCATORIA DE 2026
(Expediente 2026042721)**

A Deputación de Pontevedra ten entre os seus fins a promoción de políticas públicas orientadas á cohesión social e ao benestar da cidadanía, con especial atención aos colectivos con maiores necesidades de apoio, como a mocidade, as persoas maiores, as mulleres e as persoas con discapacidade.

No marco destes fins, no 2024, a través do Servizo de Benestar Social, púxose en marcha o programa “+Convivencia”, herdeiro dos anteriores “Coñece a túa provincia” ou “En ruta coa Depo”, que durante máis de vinte anos favoreceron espazos de encontro, participación e posta en valor do patrimonio cultural e natural da provincia.

A experiencia acumulada e o impacto destas actuacións evidencian a necesidade de avanzar cara a modelos máis inclusivos e accesibles para garantir a participación en igualdade de condicións das persoas con discapacidade ou en situación de dependencia nas actividades de lecer e convivencia.

Neste contexto créase o programa “+Convivencia inclusiva”, co obxectivo de promover a inclusión social, o benestar emocional e a participación activa das persoas con discapacidade, especialmente intelectual, con neurodiverxencias ou trastornos de saúde mental, mediante o apoio ás entidades que desenvolvan actuacións na provincia.



Este programa ten por finalidade impulsar actividades de lecer inclusivo e accesible, promovendo o deseño universal no tempo libre e experiencias que favorezan o desenvolvemento persoal, a autonomía, os vínculos sociais e a integración comunitaria.

En consecuencia, “+Convivencia inclusiva” configúrase como un instrumento de fomento da participación social, da convivencia e da cohesión social, mediante a posta á disposición de alternativas de lecer accesibles e o impulso de espazos de interacción e intercambio de experiencias que garantan a igualdade de oportunidades e a inclusión efectiva.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense estes como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan acadar os obxectivos marcados nesta lei.

No artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, recóllese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Xa que logo, a Deputación de Pontevedra pon en marcha o programa “+Convivencia inclusiva”, de acordo co antes exposto e coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria do programa “+Convivencia inclusiva” para o exercicio 2026, así como establecer o procedemento e as condicións que rexerán a concesión de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan actuacións de lecer inclusivo no ámbito da discapacidade e da dependencia na provincia de Pontevedra.



Segunda. Finalidade

A finalidade deste programa é promover a inclusión social, a igualdade de oportunidades e a mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade, mediante o apoio ao desenvolvemento de actividades, proxectos e iniciativas de lecer inclusivo impulsados por entidades de iniciativa social da provincia de Pontevedra que favorezan a participación activa, a autonomía persoal e a integración comunitaria.

En particular, o programa pretende:

- a) Promover a participación activa das persoas con discapacidade en actividades de lecer, culturais, deportivas, recreativas, turísticas e comunitarias en condicións de igualdade.
- b) Favorecer a autonomía persoal, o desenvolvemento de habilidades sociais e a participación na vida comunitaria das persoas destinatarias.
- c) Impulsar actuacións baseadas nos principios de accesibilidade universal, deseño para todas as persoas e inclusión social efectiva.
- d) Facilitar a creación de espazos de convivencia, relación social e intercambio de experiencias que contribúan á cohesión social.
- e) Apoiar ás entidades sociais no desenvolvemento de proxectos adaptados ás necesidades, intereses e apoios requiridos polas persoas participantes.
- f) Contribuír á eliminación de barreiras sociais, comunicativas e de acceso que dificulten a participación das persoas con discapacidade nas actividades de lecer e tempo libre.
- g) Garantir que as actuacións e actividades desenvolvidas no marco do programa se executen de conformidade cos principios de respecto e protección dos dereitos humanos, benestar e protección animal, cultura de paz, convivencia democrática, igualdade de trato e non discriminación, promovendo contornas seguras, accesibles, inclusivas, sostibles e libres de calquera forma de violencia, discriminación, acoso ou maltrato.

Terceira. Financiamento, contías e límites

3.1. A contía prevista para esta convocatoria de subvencións, con cargo á aplicación 26/231.2311.480.05 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026, ascende a cento vinte e cinco mil euros (125.000,00 €), que representa o máximo de obrigas que se poden adquirir con cargo a esta convocatoria.

3.2. A contía máxima da axuda será de dous mil cincocentos euros (2.500,00 €) por entidade, ata esgotarse o crédito orzamentario asignado para esta convocatoria. Non obstante, a contía efectiva concedida poderá axustarse durante a fase de xustificación en función dos gastos realmente xustificadas polas entidades solicitantes.



O importe final concedido determinarase segundo os custos acreditados na documentación presentada durante a xustificación, de modo que a axuda non poderá superar a contía de 2.500,00 euros nin exceder os gastos xustificadas.

Cuarta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e resolución deste procedemento atenderá aos seguintes principios:

- a) Publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Ao tratarse dunha convocatoria de subvencións en concorrència non competitiva, as solicitudes que reúnan os requisitos da convocatoria resolveranse pola orde de prelación referida na base décimo sexta.

Quinta. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas as seguintes entidades:

- Entidades de iniciativa social que figuren no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS) da Xunta de Galicia, regulado no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, nas áreas de dependencia ou discapacidade. En caso de que a información que conste neste rexistro non estivese actualizada, a entidade solicitante deberá comunicalo e achegar a información necesaria.

Sexta. Requisitos das entidades beneficiarias

- Ter domicilio fiscal, sede social ou unha delegación permanente na provincia de Pontevedra. Entenderase por “delegación permanente” aquela que conte con persoal permanente da organización e local fixo onde realice as súas actividades.
- Carecer de fins de lucro e ter finalidades coincidentes co obxecto da subvención, segundo os seus estatutos.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.



Sétima. Actuacións e gastos subvencionables

7.1. Serán subvencionables aqueles gastos directamente vinculados á realización das actividades incluídas nas tipoloxías de actuacións dirixidas ás persoas usuarias da entidade, sempre que respondan ao obxecto e á finalidade do programa e se axusten aos criterios establecidos nestas bases reguladoras:

a) Saídas con ou sen pernoctación:

- Visitas a lugares, concellos ou illas da provincia de Pontevedra, relacionadas coa arqueoloxía, a arquitectura civil, relixiosa, popular, etnográfica ou náutica, así como con espazos naturais e recursos de interese histórico, cultural, social ou ambiental.
- Saídas a spas, piscinas ou balnearios en grupo situados na provincia de Pontevedra, con ou sen pernoctación en establecementos hoteleiros da propia provincia.
- Campamentos con pernoctación desenvolvidos nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- Outras saídas e actividades de lecer e convivencia realizadas dentro da provincia de Pontevedra, tales como visitas a granxas, granxas escola, casas rurais ou recursos análogos, con ou sen pernoctación en establecementos hoteleiros ou de aloxamento situados na provincia de Pontevedra.

b) Tempo de lecer:

- Asistir ao cine, teatro, concertos, espectáculos de danza, musicais, festivais e outras manifestacións artísticas, culturais ou recreativas que se desenvolvan na provincia de Pontevedra.
- Visitar museos, acuarios, zoolóxico, parques etnográficos, exposicións, centros de interpretación e outras instalacións culturais ou de divulgación existentes na provincia de Pontevedra.
- Ao aire libre: saídas das persoas usuarias con acompañamento de persoal profesional a praias, espazos naturais, lagoas, parques, ríos e outros ámbitos de interese ambiental, recreativo ou comunitario situados na provincia de Pontevedra.
- Noutros espazos de ocio: saídas das persoas usuarias acompañadas por persoal profesional a salas de xogos recreativos (coma salas de birlos), centros culturais, bibliotecas e outros espazos análogos de carácter social, cultural ou recreativo situados na provincia de Pontevedra.



c) Actuacións de promoción deportiva, de intervención terapéutica grupal, artísticas, creativas, de convivencia e intercambio:

- Actuacións de promoción deportiva e actividade física adaptada: actividades deportivas e de promoción da actividade física, entre as que se incluírán a participación en carreiras populares, sendeirismo adaptado e outras prácticas deportivas ou recreativas axustadas ás capacidades e necesidades das persoas participantes, desenvolvidas en contornos accesibles e inclusivos na provincia de Pontevedra.
- Actuacións de intervención psicosocial e terapéutica: actividades de lecer e de intervención psicosocial e terapéutica, entre as que se incluírán terapias asistidas con animais e outras intervencións innovadoras de carácter grupal, orientadas ao benestar das persoas participantes, na provincia de Pontevedra.
- Actuacións culturais, artísticas e creativas: asistir a obradoiros de arte, artesanía, fotografía, música, danza e outras expresións creativas e artísticas na provincia de Pontevedra.
- Actuacións de convivencia, intercambio e participación interxeracional: actividades interxeracionais, de convivencia e intercambio entre entidades, así como convivencias de lecer compartido na provincia de Pontevedra.

7.2. Só serán obxecto de subvención as actuacións e actividades que se desenvolvan de acordo cos principios de respecto e garantía dos dereitos humanos, protección e benestar animal, igualdade de trato, non discriminación e convivencia pacífica. Quedarán expresamente excluídas aquelas que promovan ou impliquen calquera forma de violencia, maltrato, discriminación ou vulneración destes principios.

7.3. As actividades que se leven a cabo no contexto do programa “+Convivencia inclusiva” deberán desenvolverse no ámbito territorial da provincia de Pontevedra.

7.4. As actuacións subvencionadas deberán estar executadas e finalizadas o 31 de marzo de 2027.

7.5. Consideraranse gastos subvencionables aqueles que, de forma indubidable, respondan á natureza do proxecto de lecer inclusivo subvencionado, coma os seguintes:

- Gastos derivados das actividades de tempo de lecer: entradas a cines, museos, exposicións, festivais, concertos e actividades similares destinados exclusivamente ás persoas usuarias e ao persoal profesional responsable da actividade durante o desenvolvemento destas. Así mesmo, os gastos de inscrición en probas deportivas, obradoiros e outras actividades análogas, sempre que estean directamente vinculados coa execución das actuacións subvencionadas.



- Gastos de desprazamento necesarios para realizar as actividades de lecer inclusivo, xa sexan propios (quilometraxe) ou externos (autobús, barco, tren ou outros medios de transporte), sempre que estean directamente vinculados coa execución das actuacións subvencionadas.
- Gastos de seguros necesarios para levar a cabo o proxecto subvencionado.
- Gastos de pernoctación das persoas usuarias e do persoal profesional acompañante, co fin de cumprir as razóns de atención e coidado establecidas en función das necesidades das persoas participantes, en establecementos hoteleiros, *spas*, balnearios, campamentos, granxas escola ou outros equipamentos de aloxamento situados na provincia de Pontevedra, sempre que estean directamente vinculados coa execución das actuacións subvencionadas.
- Gastos de restauración ou servizo de cátering destinados exclusivamente ás persoas usuarias e ao persoal profesional responsable da actividade durante o desenvolvemento das accións de lecer, que non poderán exceder de seiscientos euros (600,00 €); non serán subvencionables, en ningún caso, as bebidas alcohólicas.
- Gastos de material funxible necesario para o desenvolvemento das actividades, incluído o que se precise para obradoiros e actividades manuais (pinturas, teas, cartolinas, barro e outros materiais análogos), sempre que estean directamente vinculados coa natureza, obxectivos e duración da actividade subvencionada.
- Gastos derivados de actividades de lecer tales como o pagamento de sesións de terapias grupais con animais ou outras actividades de ocio terapéutico dirixidas ás persoas usuarias.
- Gastos de persoal de acompañamento, atención e coidado, tanto propio coma externo, directamente implicado na execución das actividades de lecer inclusivo, en cumprimento das *ratios* de atención establecidas en función do número e das necesidades das persoas usuarias, así como dos horarios e tempos de desenvolvemento das actividades subvencionadas.

7.6. En ningún caso terán a condición de subvencionables os seguintes gastos:

- Os gastos correntes de funcionamento das entidades (luz, auga, teléfono e alugueiro).
- Os destinados a atencións protocolarias (agasallos, flores, trofeos, premios etc.).
- A adquisición de bens ou os que teñan a consideración de investimento.
- Aquelas actuacións, actividades ou gastos que non se desenvolvan de conformidade cos principios de respecto e garantía dos dereitos humanos, protección e benestar animal, igualdade de trato, non discriminación e convivencia pacífica, así como aquelas que promovan, impliquen ou toleren calquera forma de violencia, maltrato, discriminación ou vulneración destes principios.



7.7. Para poder ser beneficiario deste programa, o proxecto deberá contar cun número mínimo de doce (12) participantes no conxunto das actuacións previstas.

7.8. As actividades deberán ser realizadas a través da entidade solicitante, que será a responsable da organización, planificación, coordinación e execución do proxecto de lecer inclusivo, e que garantirá en todo caso o seu correcto desenvolvemento conforme o previsto nestas bases reguladoras.

Oitava. Compatibilidade e incompatibilidade das subvencións

As subvencións reguladas nesta convocatoria son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entidade pública ou privada.

En ningún caso a suma de todas as axudas poderá superar o 100 % do custo da actividade subvencionada, e reducirase proporcionalmente, se é necesario, a contía concedida.

Para estes efectos, en canto se teña coñecemento da obtención doutras subvencións para a mesma actividade, a entidade beneficiaria deberá comunicarllo á Deputación de Pontevedra e, nese caso, o importe da subvención será obxecto da minoración que corresponda.

Novena. Forma e modalidade de presentación de solicitudes

As solicitudes e a documentación complementaria presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do procedemento específico dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). A representación poderase acreditar mediante calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia, segundo o previsto no artigo 32 do Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, aprobado polo Real decreto 203/2021, de 30 de marzo.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Décima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes será de dous (2) meses, contados a partir do quinto día hábil seguinte ao da publicación destas bases no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).



Décimo primeira. Documentación complementaria

As entidades interesadas deberán presentar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación que proceda, en arquivos independentes en formato PDF:

- Proxecto descritivo de lecer inclusivo para o que se solicita a subvención, no que deberán constar a súa denominación, a descrición detallada das actuacións obxecto de financiamento, así como o número total de participantes (persoas usuarias e persoal profesional) e a súa temporalidade, e indicaranse as datas previstas de excursións ou saídas con ou sen pernoctación.
O proxecto terá unha extensión máxima de seis (6) folios por unha cara, con fonte Corbel e tamaño 11.
Non presentar o proxecto supoñerá un defecto non emendable que determinará a inadmisión da solicitude, ao considerarse un documento esencial para a súa tramitación.
- Estatutos vixentes, coa composición actualizada da xunta directiva.
- Certificado bancario de titularidade da conta indicada na solicitude, en caso de non presentalo con anterioridade.
- Acreditación da capacidade de representación da persoa que actúa en nome da entidade cando non se empregue un certificado electrónico cualificado de representante. Esta acreditación poderá facerse por calquera dos medios recollidos no artigo 5 da LPACAP e no 32 do Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos, e na demais normativa aplicable.

As entidades responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décimo segunda. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou os elaborados polas restantes administracións públicas, excepto que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- NIF da entidade solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante da entidade solicitante.
- Domicilio fiscal da entidade.

En caso de opoñerse á consulta, deberá indicarse no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes. Cando fose materialmente imposible obter o documento, o órgano competente poderá requirirle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento.

Así mesmo, comprobarase a inscrición da entidade solicitante no RUEPSS da Xunta de Galicia, sen que sexa necesaria a referida autorización por tratarse dun rexistro público.



Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de acordos e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, accesible desde <https://sede.depo.gal> ou directamente desde <https://dehu.redsara.es/>, e entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás entidades interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicaráa polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Publicación dos actos do procedemento

De conformidade co disposto no artigo 45 da LPACAP, os actos administrativos deste procedemento serán obxecto de publicación na páxina web da Deputación de Pontevedra, o que producirá os mesmos efectos que a notificación individual.

As publicacións previstas nestas bases comprenderán, cando corresponda, as relacións provisionais e definitivas de entidades admitidas e excluídas, os requirimentos de emenda, a resolución de concesión, a lista de agarda e cantos outros actos sexan necesarios para tramitar o procedemento.

Sen prexuízo do anterior, a Deputación poderá remitirlles ás entidades solicitantes avisos informativos mediante mensaxes de texto (SMS) ao número de teléfono móbil facilitado para tal efecto polas entidades que o autoricen expresamente. Estes avisos terán carácter meramente informativo e non substituirán as publicacións que produzan efectos de notificación.



Décimo quinta. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante este procedemento faranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>. No formulario deberase indicar, no seu caso, o procedemento para o cal se efectúa o trámite.

Non serán válidos outros medios de comunicación, coma correos electrónicos ou outros. Así mesmo, só poderá contactarse coas entidades por teléfono con fins informativos ou aclaratorios; estas chamadas rexistraranse no expediente, pero non terán valor xurídico.

Décimo sexta. Procedemento de concesión e criterios de prelación

16.1. Instrución do procedemento

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Benestar Social da Deputación, como órgano instrutor do procedemento, realizará a revisión da documentación presentada e a comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases, así como cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

En particular, corresponderanlle as seguintes funcións:

- Examinar as solicitudes e a documentación presentada.
- Requiririlles ás entidades solicitantes a emenda das solicitudes ou a achega da documentación preceptiva, cando proceda.
- Realizar de oficio cantas actuacións resulten necesarias para a correcta instrución do procedemento.
- Formular a proposta de resolución debidamente motivada.

16.2. Procedemento de concesión e orde de prelación

O procedemento de concesión das subvencións será o de concorrencia non competitiva.

As subvencións concederánselles a todas as entidades solicitantes que cumpran os requisitos establecidos nestas bases, ata o límite do crédito orzamentario dispoñible.

No suposto de que o crédito dispoñible non resulte suficiente para atender todas as solicitudes admitidas, elaborárase unha lista de agarda de acordo coa seguinte orde de prelación:

a) En primeiro lugar, as entidades que contén con centros ou programas debidamente inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), tales como centros de día, centros ocupacionais, vivendas tuteladas ou residencias terapéuticas destinadas á atención de persoas con discapacidade ou en situación de dependencia (grupo 1).



b) En segundo lugar, as entidades inscritas no RUEPSS nas áreas de discapacidade e/ou dependencia que non contén ningún centro nin programa inscrito (grupo 2).

Dentro de cada grupo, as entidades ordenaranse segundo a antigüidade da súa inscrición no RUEPSS. En caso de igualdade, atenderase á data e hora de presentación da solicitude.

A aplicación destes criterios terá por única finalidade determinar a orde da lista de agarda, sen que implique a valoración comparativa das solicitudes.

16.3. Proposta e resolución

Unha vez revisadas as solicitudes, o órgano instructor elaborará un informe-proposta no que se recollerán as solicitudes admitidas, as excluídas e a súa motivación, así como, de ser o caso, a orde da lista de agarda resultante da aplicación dos criterios establecidos nesta base.

Logo da fiscalización por parte da Intervención, publicarase na Sede electrónica da Deputación a listaxe provisional de entidades admitidas e excluídas, de conformidade co disposto na base décimo cuarta.

As entidades excluídas, ou aquelas respecto das que se detectasen defectos emendables, dispoñerán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do correspondente anuncio no BOPPO, para emendar os defectos observados ou presentar a documentación requirida.

Unha vez examinadas as emendas presentadas e realizada a correspondente fiscalización por parte da Intervención, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, que lle será elevada á Xunta de Goberno para a súa aprobación.

A resolución definitiva incluírá a relación de entidades beneficiarias, a lista de agarda e, de ser o caso, as solicitudes excluídas coa indicación da causa de exclusión.

Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa cantidade prevista na base terceira, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe da axuda que resulte, sempre que a entidade estea interesada.

As incidencias derivadas da execución do programa, incluídas as renuncias, modificacións ou incorporacións procedentes da lista de agarda, tramitaranse polo Servizo de Benestar Social e serán sometidas á correspondente fiscalización do Servizo de Intervención antes da súa aprobación polo órgano competente.



Establécese un prazo máximo de seis (6) meses, que se computará a partir do día seguinte ao de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, sen prexuízo do establecido no artigo 23.1 da LPACAP. Transcorrido o devandito prazo sen que se resolva nin se notifique a resolución, as entidades solicitantes poderán entender que a súa solicitude foi desestimada por silencio administrativo.

16.4. Xestión da lista de agarda

En caso de producírense renuncias, perdas do dereito á subvención ou dispoñibilidade de crédito adicional, poderán incorporarse como beneficiarias as entidades incluídas na lista de agarda, para o que se seguirá estritamente a orde de prelación establecida.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

- a) Levar a cabo o proxecto subvencionable nos prazos indicados na súa solicitude, así como presentar a xustificación na forma e no prazo.
- b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido.
Difundir as actividades entre as persoas socias e, no seu caso, entre a comunidade.
A entidade beneficiaria deberá descargar da Sede electrónica ou da páxina web da Deputación o cartel identificativo oficial do programa “+Convivencia inclusiva”, co fin de garantir a adecuada difusión da colaboración e do financiamento provincial.
Este cartel deberá exhibirse de forma visible durante o desenvolvemento da actividade subvencionada; poderá colocarse nos medios de transporte empregados para a súa realización (autocares, barcos ou outros medios análogos) ou noutro lugar onde se vexa claramente ao longo das actividades de lecer inclusivo.
Así mesmo, para acreditar o cumprimento desta obriga de publicidade, a entidade deberá achegar, xunto coa documentación xustificativa, unha ou varias fotografías realizadas os días das actividades nas que se observe con claridade a colocación e visibilidade do cartel identificativo do programa. A falta desta acreditación poderá dar lugar aos efectos previstos nestas bases en materia de xustificación da subvención.
- c) Pagarlles ás e aos acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada. Non obstante, as persoas ou as entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán facelo cando cobren a subvención e deberán realizar o pagamento no prazo máximo dun (1) mes desde que se produza este cobro.
- d) As entidades beneficiarias deberán utilizar, con carácter xeral, formas de pagamento a terceiras persoas que poidan acreditarse mediante un documento expedido por unha entidade financeira, no que queden identificados a persoa beneficiaria, o importe e a data



de pagamento (tarxetas bancarias de crédito ou débito, talóns nominativos, transferencias bancarias etc.).

Excepcionalmente, cando non sexa posible outra forma de pagamento e así quede acreditado no expediente, poderá empregarse o pago en efectivo.

O incumprimento desta disposición para gastos que superen o importe de novecentos euros (900,00 €) supoñerá que estes se consideren non subvencionables, segundo o establecido no artigo 38.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

- e) Informar de calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado.
- f) Comunicar cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada.
- g) Someterse ao control financeiro da subvención concedida nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da institución provincial na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.
- h) O proxecto desenvolvido pola entidade debe cumprir coas obrigas establecidas na Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; co Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade; coa demais lexislación vixente en materia de igualdade, e co exercicio dos dereitos fundamentais das persoas.

A Deputación de Pontevedra quedará eximida de calquera responsabilidade derivada da execución das actividades que se desenvolvan ao abeiro desta convocatoria; é obriga das entidades beneficiarias a súa contratación, deseño, planificación e posta en marcha, ademais de asegurarse do cumprimento da normativa de seguridade e saúde, riscos laborais, fiscal, laboral e outra que se atope en vigor e poida afectar a súa execución.

Décimo oitava. Xustificación

Unha vez realizada a actividade, as entidades beneficiarias deberán presentar a xustificación, como máximo, ata o 30 de abril de 2027, este incluído.

As entidades beneficiarias deberán entregar na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/public/dymanic/catalogo/tramitesxenericos>), a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", a seguinte documentación:

- Acreditación de que se lle deu difusión ao financiamento obtido (achegar o documento gráfico).



- Conta xustificativa dos gastos e ingresos segundo o modelo dispoñible na Sede electrónica, onde figura a declaración responsable de estar ao corrente das obrigas coa AEAT, coa ATRIGA, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.
- Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida; en cada factura ou documento análogo indicaranse o número de unidades, o prezo unitario destas e o custo total de cada unidade.

O incumprimento das obrigas de xustificación implicará a perda da subvención.

Décimo novena. Pagamento

Para facer efectiva a subvención terase en conta o seguinte:

En caso de que se xustifique o gasto polo 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a totalidade da subvención.

En caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100 % do orzamento subvencionado, aboarase a parte proporcional da subvención que corresponda.

O pagamento da subvención efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade.

Vixésima. Incumprimentos e réxime sancionador

Se a entidade beneficiaria non presentase a documentación unha vez vencido o prazo, o Servizo de Benestar Social requiriralle que o faga, como máximo, en quince (15) días. A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do expediente de perda da subvención e as responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e na demais normativa aplicable, así como das condicións que no seu caso se establezan na correspondente resolución de concesión, e tras a tramitación do oportuno expediente, dará lugar, de forma parcial ou total, á súa cancelación e, en caso de que a subvención xa fose aboada, á obriga de reintegrar a achega económica, consonte o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

De acordo co artigo 34 da LSG, o xuro de demora aplicable será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 %, salvo que na Lei de orzamentos xerais do Estado se estableza outro diferente.

No referente ás infraccións e sancións administrativas, aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, 50 e seguintes da LSG e 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



Vixésimo primeira. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. Supletoriamente, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, nas Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable. Así mesmo, rexeranse pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas de dereito privado.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria remitiráselle á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Vixésimo segunda. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e no consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.



3.37398.- APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O PROXECTO “+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2026” PARA O FINANCIAMENTO DOS CUSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO (EXPTE. 2026050023)

A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de xullo do 2024 aprobou o programa denominado “+Emprega” (acordo nº 8.34000), e está composto, entre outros, polo proxecto “+Emprega en Centros Especiais de Emprego”.

A Deputación de Pontevedra, no uso das competencias e atribucións que ten asignadas pola vixente LRBRL, elabora as bases reguladoras, en réxime de concorrncia competitiva, para o proxecto “+Emprega en Centros Especiais de Emprego 2026” para financiar os custos de persoal imputables ao exercicio 2026 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación e/ou dirección dos CEE con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra.

O 30 de xuño de 2026, a vicepresidenta inicia o expediente para a tramitación das citadas bases reguladoras e convocatoria, e o 1 de xullo de 2026 o xefe do servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local emite informe sobre a necesidade da súa aprobación no marco do citado programa así como as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta.

O 9 de xullo de 2026, Intervención informa favorablemente o expediente e informa que a aplicación proposta nas Bases, 26/240.2410.489.90, considérase correcta e na mesma existe crédito polo importe máximo de 100.000,00 € aos que ascende o programa, quedando retido mediante R.C. núm. 12026000148236.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da



Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 (OXS).

- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026.
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Real Decreto 2273/1985, de 4 de decembro, polo que se aproba o Regulamento dos Centros Especiais de Emprego definidos no artigo 42 da Lei 13/1982, do 7 de abril, de Integración Social do Minusválido.
- Decreto 200/2005 do 7 de xullo polo que se regula a autorización administrativa e inscrición no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia.
- Real Decreto 469/2006, do 21 de abril, polo que se regulan as unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos Centros Especiais de Emprego.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

Consta no expediente informe do xefe do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local no que se indica, por un lado, a necesidade de aprobar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o proxecto “+Emprega en Centros Especiais De Emprego 2026” para o financiamento dos custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro no marco do programa “+Emprega” e, por outro lado, se indican as disposicións legais e regulamentarias nas que se fundamenta. Tamén consta no expediente informe de Intervención no que se sinala que existe crédito por importe de 100.000,00€ aos que ascende o programa, na aplicación 26/240.2410.489.90 quedando retido mediante R.C. núm. 12026000148236.

As bases reguladoras conteñen os extremos aos que se refire o artigo 17 da LXS.

O artigo 23 da LXS establece que o procedemento para a concesión de subvencións iniciárase sempre de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, que desenvolverá o procedemento para a concesión das subvencións convocadas segundo o establecido na propia Lei e de acordo cos principios da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno, segundo se recolle na base 16ª das de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra.



En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

- Aprobar e publicar as bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, do proxecto “+Emprega en Centros Especiais De Emprego, 2026” para financiar os custos de persoal das unidades de apoio á actividade dos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro”, no marco do programa “+Emprega”, cuxo teor literal é o seguinte:

“BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DO PROXECTO “+EMPREGA EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO 2026” PARA FINANCIAR OS COSTOS DE PERSOAL DAS UNIDADES DE APOIO Á ACTIVIDADE DOS CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO SEN ÁNIMO DE LUCRO

A Deputación de Pontevedra recoñece a importancia do desenvolvemento económico e o impulso ao emprego, que radica no impacto directo na calidade de vida das persoas, así como na construción dunha sociedade máis equitativa e próspera.

Na Estratexia de economía social de Galicia recóllense, como actividades prioritarias, o reforzo de programas de creación de emprego, con particular atención á integración de colectivos con especiais dificultades coma as persoas con capacidades diferentes e as que están en situación ou risco de exclusión social, así como o apoio ás entidades que traballan para integrar estes colectivos. En concreto, as persoas con discapacidade, especialmente as que presentan un grao severo, padecen altos niveis de desemprego e cómpre ter en conta que o traballo é un elemento esencial para garantir a igualdade de oportunidades, o desenvolvemento persoal e a participación plena na vida económica, cultural e social, polo que a Deputación de Pontevedra ten entre as súas prioridades apoiar estes colectivos no sistema ordinario de traballo ou, se non é posible, mediante a fórmula especial de apoio protexido como ferramenta esencial para paliar o desemprego e a falta de ocupación, un dos maiores potenciadores de exclusión social.

Por estes motivos, o organismo provincial, a través do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, pon en marcha o programa “+Emprega”, que ten como obxectivo principal promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia mediante a creación de emprego de calidade e o fomento da empregabilidade. Este programa presenta dous eixes de actuación: o eixe 1, relativo ao impulso ao emprego, e o eixe 2, referido ao fomento do emprego inclusivo.



No segundo enmárcase o proxecto “+Emprega en centros especiais de emprego 2026”, que lle dá continuidade á liña de subvencións dirixidas aos centros especiais de emprego dos anos 2024 e 2025, que contaron cunha elevada participación. A súa finalidade é promover a integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego (en adiante, CEE) na provincia de Pontevedra a través de subvencións que financien os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección, correspondentes ao ano en curso da convocatoria, dos CEE con domicilio social e centro de traballo na provincia de Pontevedra. Con esta medida procúrase contribuír a unha sociedade máis inclusiva e igualitaria, onde todas as persoas, independentemente da súa capacidade, teñan acceso a oportunidades laborais dignas e satisfactorias.

Así, a Deputación de Pontevedra pretende apoiar unha vez máis o funcionamento dos CEE da provincia que faciliten a integración das persoas con discapacidade no mercado de traballo, cuxa finalidade última é fomentar o seu acceso ao emprego ordinario, o mantemento deste, a mellora da súa empregabilidade ao longo do ciclo laboral e o seu desenvolvemento profesional.

Desde o punto de vista competencial, no artigo 36.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), establécese que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito. En particular, no artigo 109.d da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispónse que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Con estes antecedentes, a Deputación de Pontevedra convoca esta liña de subvencións públicas, en réxime de concorrencia competitiva, para financiar os contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección durante este ano 2026.

Estas subvencións rexeranse igualmente polo disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 249, de 30 de decembro de 2016, e na



Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), de acordo coas seguintes:

BASES

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da concesión de subvencións públicas destinadas a financiar os custos de persoal imputables ao exercicio de 2026 das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección dos CEE con sede e centro de traballo na provincia de Pontevedra, que estean inscritos no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego e teñan recoñecida a súa carencia de ánimo de lucro na data de publicación desta convocatoria, coa finalidade de promover a integración laboral das persoas con discapacidade con maiores dificultades de inserción mediante o seu emprego nos CEE que operan nesta provincia.

Segunda. Actuacións e gastos subvencionables

A Deputación de Pontevedra concederá subvencións para financiar os custos de persoal (os custos salariais e de Seguridade Social por conta da empresa) das unidades de apoio á actividade profesional e do persoal que desenvolva accións de coordinación ou dirección dos CEE que xa estean legalmente constituídos e en funcionamento no momento de publicación destas bases e da súa convocatoria, e que acrediten documentalmente a contratación de persoal con discapacidade. Deste xeito, para que se teñan en conta as contratacións das persoas con discapacidade do CEE, á hora da repartición estas deben estar formalizadas antes da publicación destas bases e convocatoria no BOPPO.

O período subvencionable dos contratos do persoal das unidades de apoio á actividade profesional e do que desenvolva accións de coordinación ou dirección comprenderá todo o ano natural de 2026; en concreto, os gastos destas tipoloxías de persoal xerados durante este período.

Serán subvencionables os custos salariais das unidades de apoio durante o ano 2026, xa sexan contratos formalizados con anterioridade ou posterioridade á publicación destas bases. A contía da subvención dependerá dos tramos establecidos na base décimo primeira; percibirase o 100 % cando se xustifiquen gastos salariais por importe igual ou superior á cantidade concedida e se manteña o número de persoas con discapacidade do CEE contratadas que se tivo en conta para adxudicar o importe da subvención; de non ser así, realizarase o axuste proporcional, tomando como referencia a media anual das persoas contratadas ao longo dos meses do período subvencionable, sen que o número ou a tipoloxía dos contratos das unidades de apoio inflúa para estes efectos.



Terceira. Entidades beneficiarias

Poderán solicitar estas axudas os CEE sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Figurar inscritos como centro especial de emprego no Rexistro Administrativo de Centros Especiais de Emprego de Galicia, de acordo co disposto no Decreto 200/2005, de 7 de xullo, polo que se regula a autorización administrativa e a inscrición no citado rexistro.*
- b) Ter recoñecida a súa condición como centro especial de emprego sen ánimo de lucro.*
- c) Constar obrigatoriamente o domicilio social e o centro de traballo na provincia de Pontevedra.*
- d) Estar ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra.*
- e) Non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídos nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.*

A ausencia dos requisitos a, b e c no momento de publicación destas bases e da convocatoria no BOPPO, así como a súa obtención despois desta data de referencia, serán causas de exclusión directa. Os demais requisitos sinalados deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manterse durante todo o período de vixencia desta convocatoria.

Cuarta. Financiamento e importe das subvencións

A contía total destinada a estas axudas ascende a cen mil euros (100.000,00 €) e financiarase con cargo á aplicación 26/240.2410.489.90 do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2026. Non obstante, a concesión destas subvencións quedará sempre condicionada á existencia de crédito suficiente.

Só se concederá unha subvención por entidade. O importe máximo das axudas será a do tramo que corresponda tendo en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade de 2025) achegado na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os seguintes tramos:

- a) 15 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 5.000,00 €.*
- b) De 16 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 11.000,00 €.*
- c) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 14.000,00 €.*
- d) Máis de 40 persoas traballadoras con discapacidade: 18.000,00 €.*

En caso de que o crédito dispoñible fose insuficiente, farase un rateo entre todas as solicitudes que resultasen seleccionadas para recibir a subvención.



A contía desta convocatoria poderá incrementarse ata 60.000,00 € de acordo co establecido no artigo 58 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 31 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Quinta. Réxime aplicable ás axudas

A xestión e a concesión destas axudas realizaranse mediante o procedemento de concorrencia competitiva, segundo os criterios previstos na base décimo primeira e de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración outorgante.
- c) Eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

Sexta. Presentación de solicitudes

Só se admitirá unha solicitude de subvención por cada entidade solicitante.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, código SIA 303005, de acordo co establecido nos artigos 14.2 e 16 da LPACAP.

O formulario normalizado, de uso obrigatorio, recolle os elementos de información e as declaracións que as entidades interesadas deben prever para tramitar as solicitudes, entre as que se inclúen:

- Relación de postos de traballo para os que se solicita a subvención, coa indicación do número de postos e os seus custos estimados desagregados.
- Declaración xurada de non incorrer en ningunha das prohibicións previstas na LXS nin estar incluídas nos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
- Declaración xurada de non recibir outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade ou, no seu caso, de que os ingresos ou recursos alleos non superan o custo da finalidade subvencionada, coa indicación da contía recibida e da entidade que financia.

Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).



Coa solicitude deberase achegar toda a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos. Tamén se deberá presentar toda aquela documentación que acredite que se cumpren os criterios de selección indicados na solicitude para que sexan obxecto de valoración. Non axustarse aos termos da convocatoria, así como ocultar os datos, alteralos ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude.

Sétima. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases reguladoras e da convocatoria, así como do extracto, no BOPPO e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

Oitava. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaranse automaticamente os datos incluídos nos documentos elaborados polas administracións públicas e que se detallan a continuación:

- *NIF da persoa xurídica solicitante.*
- *Domicilio social da entidade solicitante.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT.*
- *Certificado de estar ao corrente das obrigas tributarias coa ATRIGA.*
- *Certificado de estar ao corrente do pagamento coa Seguridade Social.*
- *Certificado de estar ao corrente dos pagamentos coa Deputación de Pontevedra.*

En caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán marcar o cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á entidade interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento antes de formular a proposta de resolución.

Novena. Documentación

As entidades interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación, necesaria para acreditar o cumprimento dos requisitos e criterios de selección indicados na solicitude e esixidos nestas bases para que sexan obxecto de valoración:

- a) Acreditación da representación da persoa representante dos CEE, só no caso de non empregar un certificado cualificado de representante.*
- b) Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) de todos os meses do exercicio anterior ao da publicación destas bases e do extracto no BOPPO (ano 2025), no que deberán figurar todas as persoas con discapacidade traballadoras do CEE.*
- c) Acreditación documental da cualificación como CEE.*



d) Acreditación documental do recoñecemento da carencia de ánimo de lucro do CEE.

Segundo o expresado no artigo 28.2 da LPACAP, non será necesario achegar esta documentación cando a entidade solicitante xa o fixese na convocatoria do exercicio anterior.

Durante a instrución do procedemento, a Deputación de Pontevedra poderá requirir calquera documento acreditativo dos requisitos establecidos nestas bases. En caso de ter que achegar documentación complementaria, as entidades interesadas deberán presentala de xeito obrigatorio por medios electrónicos. As entidades beneficiarias responsabilizaranse da veracidade dos documentos entregados e, excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica presentada.

Décima. Trámites administrativos posteriores á presentación das solicitudes

Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á entidade interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, que, no prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, se entenderá que desiste da súa solicitude, que se archivarán sen máis trámites.

Todos os trámites administrativos que as entidades interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse por medios electrónicos a través do modelo "2887054– Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Na Sede electrónica están dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as entidades interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos de xeito electrónico ou presencial, segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en:

<https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxeneticos>



Décimo primeira. Valoración e concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrncia competitiva. Para a repartición das cantidades terase en conta a media de persoas con discapacidade contratadas no CEE indicadas nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) da totalidade dos meses do exercicio anterior (anualidade de 2025) que se achegase na fase de solicitude, sen que sexan acumulables os seguintes tramos:

- a) 15 ou menos persoas traballadoras con discapacidade: 5.000,00 €.*
- b) De 16 a 30 persoas traballadoras con discapacidade: 11.000,00 €.*
- c) De 31 a 40 persoas traballadoras con discapacidade: 14.000,00 €.*
- d) Máis de 40 persoas traballadoras con discapacidade: 18.000,00 €.*

Ao tratarse de reconto de persoas, sempre que aparezan decimais nos resultados do cálculo da media das persoas traballadoras con discapacidade contratadas por cada CEE, realizarase o arredondamento ao seguinte número enteiro superior.

Para estes efectos, entenderanse como traballadoras ou traballadores con discapacidade dos CEE aquelas persoas contratadas que, segundo a normativa, se atopen nalgún dos supostos seguintes:

- a) Persoas con parálise cerebral, con enfermidade mental ou con discapacidade intelectual, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.*
- b) Persoas con discapacidade física ou sensorial cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.*

Décimo segunda. Instrución e resolución do procedemento de concesión das subvencións

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 21 da LSG. As actividades de instrución comprenderán:

- a) A petición de cantos informes estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.*
- b) A avaliación das solicitudes ou peticións, efectuada conforme os criterios de valoración.*

Unha vez avaliadas as solicitudes, e logo do informe de Intervención, a Comisión de Valoración emitirá un informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

O Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, á vista do expediente e do informe da Comisión de Valoración, elevaralle a proposta de resolución ao órgano competente. Nesta proposta farase tamén referencia ás entidades que non cumpran as condicións e á motivación da súa exclusión.

A Comisión de Valoración é un órgano colexiado composto polos seguintes membros:

Presidenta/e: a deputada ou deputado coa delegación en materia de Emprego.



Vogais: o xefe do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra ou a persoa en quen delegue e un membro do equipo técnico da Intervención da institución provincial.

Secretaria/o: un membro do equipo técnico do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local.

A resolución do procedemento correspóndelle ao órgano competente da Deputación de Pontevedra. O prazo máximo para resolver e notificarlles ás entidades interesadas a resolución do procedemento é de seis (6) meses, contados desde a publicación desta convocatoria. Transcorrido este prazo sen notificárselles a resolución ás persoas interesadas, a solicitude de concesión da subvención entenderase desestimada por silencio administrativo.

A resolución da concesión de subvencións publicarase no BOPPO e producirá os efectos da notificación, de acordo co disposto no artigo 45 da LPACAP.

Décimo terceira. Notificacións

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practicaranse a través da Dirección Electrónica Habilitada única, sistema accesible desde a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>, ou a través de <https://dehu.redsara.es/>. Estas entenderanse practicadas no momento en que se acceda ao seu contido e rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación realizada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo cuarta. Aceptación da subvención

As subvencións concedidas entenderanse aceptadas se as persoas beneficiarias non se opoñen ou as rexeitan expresamente no prazo de dez (10) días hábiles, contados desde a súa notificación.

Décimo quinta. Publicidade

Estas bases reguladoras publicaranse no BOPPO e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).



De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da LXS, o texto da convocatoria transmitiráselle á BDNS para a súa publicación nela, que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

Ademais, a Deputación de Pontevedra publicará a concesión das subvencións no BOPPO e na súa páxina web, e remitiráselle á BDNS.

Décimo sexta. Compatibilidade con outras subvencións

As subvencións previstas nesta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, pero a contía total da subvención non poderá en ningún caso superar os custos totais da contratación do persoal subvencionado.

Para tal efecto, as entidades beneficiarias da subvención deberán comunicarlle á Deputación se obtiveron outras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade tanto no momento da presentación da solicitude coma durante a tramitación do procedemento.

A subvención concedida é incompatible con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio, salvo coas concedidas ao abeiro do Plan de obras e servizos (Plan +Provincia), coas que si serán compatibles. A entidade beneficiaria deberá comunicar que tamén o é doutra subvención do organismo provincial, de se dar o caso.

Décimo sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

Ademais das obrigas previstas no artigo 14 da LXS, en particular, as entidades beneficiarias deberán:

- a) Cumprir os requisitos dentro do período obxecto da subvención, así como presentar na forma e no prazo a xustificación. En todo caso, o financiamento dos custos de persoal deberá cumprir os requisitos previstos na normativa de aplicación.*
- b) Realizar unha adecuada publicidade do carácter público do financiamento recibido. A este respecto, as medidas de difusión consistirán, polo menos, na publicación na páxina web e nas redes sociais da entidade beneficiaria da axuda outorgada pola Deputación de Pontevedra. Así mesmo, na documentación administrativa deberase facer mención ao financiamento da institución provincial.*
- c) Comunicar calquera eventualidade ou circunstancia excepcional e debidamente xustificada que altere ou dificulte o desenvolvemento da actuación subvencionada.*
- d) Comunicar calquera outra axuda, ingreso ou subvención recibida para o mesmo fin.*
- e) Cando, debido á acumulación de subvencións ou axudas recibidas para o mesmo fin, o conxunto destas supere o custo total da actividade subvencionada, o importe da subvención deberá ser modificado.*



- f) *Someterse ao control financeiro da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016.*

Décimo oitava. Xustificación

Unha vez finalizado o período subvencionable dos contratos (31 de decembro de 2026), e para a xustificación final, as entidades beneficiarias deberán presentar, no prazo máximo de tres (3) meses (31 de marzo de 2027), segundo o previsto na base décima, a seguinte documentación dirixida ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento da Deputación de Pontevedra:

- 1. Relación de persoal do CEE para o que se solicitou a subvención e conta xustificativa dos gastos realizados con desagregación dos custos salariais e de seguridade social segundo o formulario normalizado.*
- 2. Nóminas dos meses imputados durante o período subvencionable, ano 2026, do persoal do CEE para o que se solicitou a subvención.*
- 3. Memoria-resumo das actividades desenvolvidas polas persoas traballadoras do CEE cuxos gastos salariais son obxecto de subvención, na que deberá figurar tamén a documentación acreditativa da publicidade realizada.*
- 4. Informe de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) de todos os meses do período subvencionable (exercicio de 2026), no que deberán figurar tanto o persoal das unidades de apoio obxecto da subvención coma a totalidade das persoas con discapacidade contratadas no CEE que se tiveron en conta para a valoración e concesión do importe da subvención.*
- 5. Certificado bancario que acredite o pago das nóminas.*

O incumprimento das obrigas de xustificación levará consigo a perda da subvención.

Décimo novena. Pagamento

O pagamento farase ao recibir a xustificación final, unha vez rematado o período subvencionable. Para os efectos do aboamento do importe máximo da subvención á que o CEE teña dereito, terase en conta a suma total dos gastos salariais devindicados no período obxecto de subvención, non o número de persoas contratadas nas unidades de apoio á actividade profesional e das que leven a cabo accións de coordinación ou dirección dos CEE.

Para aboar a subvención terase en conta o seguinte:

En caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do importe da subvención concedida:

- Aboarase a totalidade da subvención.*
- Realízase o axuste proporcional cando non se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención. Este axuste aplicarase atendendo á media de persoas con discapacidade contratadas*



polo CEE que se xustifique nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) ao longo do período subvencionable (exercicio de 2026); a contía máxima subvencionable nestes casos será a indicada na fase de concesión.

En caso de que se xustifiquen gastos inferiores ao 100 % do importe da subvención concedida:

- Aboarase a parte proporcional da subvención sempre e cando se manteñan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe desta.*
- Realizarase o axuste proporcional cando non sigan contratadas as persoas con discapacidade do CEE que se tiveron en conta para adxudicar o importe da subvención. Este axuste aplicarase atendendo á media de persoas con discapacidade contratadas polo CEE que se xustifique nos informes de datos para a cotización e información por período de liquidación e conta de cotización (Idcpl-ccc) ao longo do período subvencionable (exercicio de 2026); a contía máxima subvencionable nestes casos será a indicada na fase de concesión.*

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada pola entidade beneficiaria. A variación ou o incumprimento de condicións ou circunstancias avaliábles na concesión, que de coñecerse no momento da avaliación desen lugar a unha subvención inferior, supoñerá o axuste á baixa da subvención concedida, salvo nos supostos de variación substancial ou incumprimento da finalidade, nos que poderá producirse o inicio do procedemento de perda de dereito de cobro ou reintegro da subvención.

Vixésima. Incumprimentos, reintegros e réxime sancionador

Vencido o prazo de xustificación sen que a entidade beneficiaria da subvención presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince (15) días.

A falta de presentación da documentación neste prazo supoñerá o inicio do procedemento de perda da subvención e as demais responsabilidades previstas na LXS.

O incumprimento por parte das entidades beneficiarias dos requisitos establecidos nestas bases e nas demais normas aplicables, así como as condicións que, no seu caso, se establezan na correspondente resolución de concesión, dará lugar a deducións ou á súa cancelación e á obriga, no seu caso, de reintegrar a achega económica, segundo o establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

En caso de incumprimento parcial das obrigas minorarase a contía da subvención, segundo o establecido no artigo 28 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.



No referente ás infraccións e sancións administrativas aplicarase o previsto nos artigos 52 e seguintes da LXS, así como no artigo 32 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra.

Vixésimo primeira. Réxime xurídico

As subvencións rexeranse por estas bases reguladoras. De xeito supletorio, aplicarase o disposto na LXS, na LSG, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e a súa modificación, nas Bases de execución do Orzamento vixente da institución provincial e na demais normativa de pertinente aplicación.

Así mesmo, rexeranse pola LPACAP e polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Vixésimo segunda. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Vixésimo terceira. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados pola Deputación de Pontevedra en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que as entidades interesadas declaren na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

Ademais, os datos persoais obtidos poderán ser obxecto de inclusión nunha base de datos coa finalidade de recibir información do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra relativa á proposición de perfís profesionais que puidesen ser de interese polo ámbito de actuación das entidades solicitantes.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado "Normativa aplicable", dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento comunicaránse ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.



As persoas ou entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>."

4.37399.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA EP-6001 LALÍN – BOTOS – GRESANDE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+948" (CONCELLO DE LALÍN). (EXPTE. 2024030382)

Antecedentes.

1. Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.

O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-6001.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de "Mellora da mobilidade peonil na EP-6001 Lalín – Botos – Gresande, dende o P.Q. 1+000 ap P.Q. 1+948", no termo municipal de Lalín.

A proposta de actuación pretende dar solución a problemas existente, así como satisfacer necesidades da propia estado, das súas infraestruturas e do seu entorno.

Coa presente intervención preténdese contribuír a redución de emisións GEI, fomentado o uso do transporte limpo, ciclista e peonil.



O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	442.549,22 €
IVE 21%	92.935,34 €
Presuposto base de licitación con IVE	535.484,56 €

2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente certificado da Xunta de Goberno local coa aprobación do Convenio polo Concello (CSV: D05J3I09UBJYSPGI).

3.- Proxecto e informes:

Constan no expediente:

- Proxecto co CSV: VYRTX06B86DUJVDZ.
- Informe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais xustificativo das porcentaxes de financiamento das obras de data 11/05/2026 co CSV: GE8FGQZPAMAFGS1J.
- Informe supervisión do proxecto data 11/05/2026 (CSV: FZE3ZH6JTKJ751NX).
- Texto convenio data 14/05/2026 (CSV: Z4GCVI49UD75G1JI) aprobado polo concello.
- Informe de Secretaría Xeral 30/06/2026 (CSV: 7DIVU703CWNZNMDA).
- Informe de Intervención de 09/07/2026 CSV: 785ZFHD8S2F72AM8).

Consideracións.

1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.



No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinalase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscrición de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.
- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do concello.



4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	428.387,65 €	80
Concello de Lalín	107.096,91 €	20
Total obras	535.484,56 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2026.

A achega do Concello de Lalín será de 107.096,91 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia 2026 Concellos, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

5ª Órgano competente para a aprobación.



Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Con respecto das transferencias de vías, o artigo 33 2 ñ) da LRBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Lalín co CSV: Z4GCVI49UD75G1JI e o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE LALÍN PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6001 LALIN – BOTOS – GRESANDE, DO PQ. 1+000 AO PQ. 1+948 (CONCELLO DE LALIN)”.

INTERVEÑEN

D. Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude da competencia que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante LRBRL).



D. Xosé Crespo Iglesias, alcalde do Concello de Lalín, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da LBRL.

D^a. María Beatriz Del Cerro Del Río, secretaria xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar o presente convenio, en base ós principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas.

MANIFESTAN

I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en adiante LRXSP), 57 da LBRL e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en adiante LALG).

II.- Que a Deputación de Pontevedra, está concienciada sobre a necesidade de aumentar a seguranza viaria en toda a rede de estradas da provincial, facendo especial fincapé nos tramos que transcorren por espazos urbanos ou núcleos rurais dos distintos concellos, dando cumprimento á asistencia que debe prestar segundo disposto no artigo 36 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

O obxectivo é conformar un contorno viario seguro e tranquilo, fomentando a convivencia de todos os medios de transporte e sistemas de desprazamento, así como repartir de xeito equitativo o espazo público. Quérese garantir que vías provinciais ofrezan unha mobilidade universal nun espazo continuo de seguranza viaria.

III.- Que segundo dispoñen os artigos 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e 81 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os municipios deberán prestar ós seus cidadáns, determinados servizos públicos en función da súa poboación.

IV.- Que o artigo 36 da Lei 7/1985 e os artigos 109 e 110 da Lei 5/1997 encomendan ás deputacións a que dirixan a súa actividade a asegurar a prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal, a tal efecto, e co fin de posibilitar a consecución real e efectiva dos mesmos, é polo que se instrumenta o presente convenio dirixido ó cumprimento das obrigacións impostas pola normativa vixente.

V.- A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial E.P. 6001 Lalín- Botos- Gresande, que transcorre polo concello de Lalín e ten unha lonxitude de 6.738 metros. Está categorizada como rede local no catálogo de estradas provinciais.



VI.- A E.P. 6001 Lalín- Botos- Gresande é de dobre sentido de circulación. No treito de actuación do proxecto a estrada conta cun ancho de plataforma variable, sen beirarrúas nin sendas que permitan a mobilidade peonil de forma segura e cómoda, atopándonos nun treito de actuación cun gran número de desprazamentos diarios de persoas a pe por metade da estrada provincial, xa que por esta zona de actuación pasa a Vía da Prata do Camiño de Santiago, a maiores de ser unha zona con gran número de edificacións consolidadas nas marxes da estrada, véndose na actualidade tanto os peregrinos como os veciños obrigados a circular por metade da estrada sen as condicións adecuadas de seguridade vial. Ademais, o estado de conservación da capa de rodaxe da calzada no treito de proxecto presenta gretas que poden afectar á durabilidade da vía e á seguridade viaria. Por último, dende o P.Q. 0+000 ata o P.Q. 1+000 da estrada provincial existe na marxe dereita unha beirarrúa e carril-bici que na actualidade presenta roturas localizadas no pavimento, motivados en grande medida polas raíces das sobreiras, sendo un perigo tanto para os peóns como para os ciclistas que utilizan esta beirarrúa e carril-bici diariamente.

Debido a estas circunstancias, a Deputación de Pontevedra decide contratar a redacción do proxecto de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6001 LALÍN- BOTOS- GRESANDE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+948", buscando dotar á zona de actuación dun itinerario peonil seguro e mellorar a seguridade vial da estrada provincial.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no concello de Lalín, e concretamente entre o P.Q. 1+000 e o P.Q. 1+948 da E.P. 6001 Lalín - Botos - Gresande, sendo o obxecto principal do proxecto a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación. Para acadar tal fin, as actuacións consisten na execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe dereita entre ditos P.Q., creando un itinerario peonil continuo e seguro, e a renovación da capa de rodaxe da estrada, executando o paquete completo de firme bituminoso onde sexa preciso segundo planos. A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede de pluviais, así como a instalación dunha rede de alumeado soterrada e a colocación de novas luminarias LED de alto rendemento. O proxecto inclúe a renovación da sinalización horizontal e vertical no treito de actuación, así como a reparación dos danos existentes na actualidade na beirarrúa e carril-bici situada na marxe dereita da estrada provincial entre o P.Q. 0+000 e P.Q. 1+000, contemplando a maiores a substitución das árbores existentes por outra especie que non dane coas raíces os pavimentos urbanos.



VII.- Con fundamento en canto queda exposto, e sendo patente a vontade de colaboración das entidades comparecentes, ámbalas dúas partes acordan a subscrición do presente convenio, consonte ás seguintes:

1. CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións que rexerán a colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Lalín para a execución do proxecto de obras de "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6001 LALÍN- BOTOS- GRESANDE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+948".

O obxecto principal do proxecto é a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns e vehículos na zona de actuación mediante a execución dunha senda peonil de formigón coloreado de ancho mínimo 2,50 metros na marxe dereita do treito, creando un itinerario peonil continuo e seguro, e a renovación da capa de rodaxe da estrada, executando o paquete completo de firme bituminoso onde sexa preciso segundo planos. A maiores, o proxecto contempla tamén a execución dunha nova rede de pluviais e a instalación dunha nova rede de alumeado soterrada, con colocación de novas luminarias segundo o indicado no proxecto. O proxecto inclúe a renovación da sinalización no treito de actuación e a reparación dos danos localizados na beirarrúa e carril-bici existente na marxe dereita da estrada provincial, entre o P.Q. 0+000 e o P.Q. 1+000, así como a substitución de especies arbóreas dos alcorques.

Segunda.- Importe do convenio.

O importe ó que se refire a presente actuación ascende a catrocentos corenta e dous mil cincocentos corenta e nove euros con vinte e dous céntimos (442.549,22 €), máis noventa e dous mil novecentos trinta e cinco euros con trinta e catro céntimos (92.935,34 €) en concepto de IVE, o que ascende a un orzamento total de cincocentos trinta e cinco mil catrocentos oitenta e catro euros con cincuenta e seis céntimos (535.484,56 €).

Terceira.- Financiamento.

As obras serán financiadas pola Deputación de Pontevedra e Concello de Lalín mediante a achega das cantidades relacionadas de seguido:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	428.387,65 €	80
Concello de Lalín	107.096,91 €	20
TOTAL OBRAS	535.484,56 €	100



A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 26/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2026.

A achega do Concello de Lalín será de 107.096,91 € (20%), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan Máis Provincia 2026 Concellos, xerarase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Lalín.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como redacción do proxecto e os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

Cuarta.- Incidencias no desenvolvemento da obra.

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras e se produza un incremento do custo por excesos de medición, revisión de prezos ou por causas imprevistas que obriguen a unha modificación do proxecto, será financiada de conformidade cos coeficientes dispostos na cláusula terceira. No caso de producirse unha diminución, sempre que a achega do concello sexa con cargo a fondos propios, será devolta a cantidade sobranante.

Quinta.- Obrigas do Concello.

O Concello de Lalín obrígase a:

- 1) Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- 2) Obter as cesións dos terreos necesarios ao borde da estrada para poder acometer as obras segundo as necesidades indicadas no proxecto. A obtención das cesións será condición indispensable antes da aprobación inicial do proxecto construtivo e polo tanto en ningún caso se poderá iniciar a licitación da obra sen as mesmas.



- 3) Levar a cabo a conservación e mantemento das zonas peonís obxecto de convenio, así coma doutros servizos de carácter municipal que se executen (alumeado público, xardinería, mobiliario urbano, etc.), logo da comunicación da Deputación de Pontevedra de finalización das obras.
- 4) Antes da sinatura do presente convenio, o Concello deberá achegar á Deputación de Pontevedra o compromiso do acordo adoptado polo órgano que legalmente teña atribuída a competencia conforme á lexislación propia do Réxime Local, á que fan referencia os apartados 2 e 3 desta cláusula.
- 5) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a remodelación da infraestrutura se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- 1) Correspóndelle a redacción do proxecto técnico para a execución das obras de “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 6001 LALÍN- BOTOS- GRESANDE, DO P.Q. 1+000 AO P.Q. 1+948”, así como a licitación, dirección, execución e recepción das obras.
- 2) Unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Deputación de Pontevedra, esta porao en coñecemento do Concello, entendéndose que tal comunicación determina o momento da obriga asumida polo Concello na cláusula quinta 3) precedente, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras e para esixir o cal, a Deputación de Pontevedra, poderá adoptar todas as medidas que considere necesarias.
- 3) Correspóndelle a obriga de remitir a información sobre o presente convenio ao Consello de Contas en aplicación do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da súa normativa de desenvolvemento.

Sétima.- Compensación de débedas

O Concello de Lalín faculta expresamente á Deputación para reter e compensar o importe da súa contribución ao financiamento das obras con cargo ás cantidades que lle poidan corresponder por toda clase de débedas vencidas e pendentes de pago.

Oitava.- Comisión de seguimento e control.

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio, así como para aclarar as dúbidas que suscite a súa interpretación, constitúese unha Comisión de Seguimento da que forman parte o presidente, o alcalde ou persoas en quen deleguen, o secretario da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue e un representante técnico de cada Administración.

As súas funcións, entre outras, serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio, proponendo as actuacións que se consideren precisas.



- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do mesmo.
- Propoñer ás partes a resolución das controversias que poidan xurdir na aplicación do convenio.

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Novena.- Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das obras obxecto do convenio, en todo caso ata o 31 de decembro de 2027.

A vixencia do presente convenio poderá prorrogarse coa conformidade expresa das partes intervenientes e de acordo co disposto no artigo 49 da LRXSP.

Décima.- Extinción.

O convenio extinguirase por cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución. Serán causas de resolución o incumprimento das obrigas derivadas deste convenio por calquera das partes de conformidade co disposto no artigo 51 da LRXSP e as demais previstas no dito artigo.

Undécima.- Normativa aplicable.

O presente convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas establecidas e:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 5/97, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Bases reguladoras da execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2025 e 2026.
- E demais normativa de obrigado cumprimento.

As partes quedan sometidas á Xurisdición Contencioso-Administrativa, a falta de entendemento previo pola comisión citada na cláusula oitava, na resolución de posibles controversias que puideran suscitar o incumprimento ou interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio, por duplicado e a un só efecto, no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información



pública e bo goberno –artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.

5.37400.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBMINISTRO DE MINIEXCAVADORA COMPACTA PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CALDAS”. (EXPTE. 2026025737)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027281, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CALDAS DE REIS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 96.365,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento “SUBMINISTRO DE MINIEXCAVADORA COMPACTA PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CALDAS” (exp.: 2026025737), cuxo orzamento ascende ao 96.365,60 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CALDAS DE REIS queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026- 2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	96.365,60	96.365,60	0,00	0,00

- O concello aclara na memoria achegada que entregará dous equipos usados de titularidade municipal como parte do prezo de licitación, é dicir, como parte do pago.



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans



financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CALDAS DE REIS, CIF: P3600500G, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 96.365,60 euros, co obxecto do financiamento da actuación "SUBMINISTRO DE MINIEXCAVADORA COMPACTA PARA O SERVIZO DE OBRAS DO CONCELLO DE CALDAS" (Exp.: 2026025737), cuxo orzamento ascende a 96.365,60 euros quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	96.365,60 €	96.365,60 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CALDAS DE REIS, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37401.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE CAMBADOS, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "SUBMINISTRO CAMIÓN GRÚA, CESTA E CAIXÓN HOMOLOGADOS PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS" (EXPTE. 2026025558)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026026258, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de CAMBADOS na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 110.458,91 euros, co obxecto do financiamento do investimento "SUBMINISTRO CAMION GRUA, CESTA E CAIXON HOMOLOGADOS PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS" (exp.: 2026025558), cuxo orzamento ascende a 110.458,91 euros.

Deste modo, a petición do Concello de CAMBADOS queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención -Plan + Provincia 2026- 2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	110.458,91	110.458,91	0,00	0,00



- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans



financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.

- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de CAMBADOS, CIF: P3600600E, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 110.458,91 euros, co obxecto do financiamento da actuación "SUBMINISTRO CAMION GRUA, CESTA E CAIXON HOMOLOGADOS PARA OS SERVIZOS MUNICIPAIS" (Exp.:2026025558), cuxo orzamento ascende a 110.458,91 euros quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN-PLAN + PROVINCIA 2026-2027	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	110.458,91 €	110.458,91 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de CAMBADOS, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

7.37402.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE COVELO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS CON FORMIGÓN EN A LAMOSA, CASTELÁNS, GODÓNS E BARCIA DE MERA" (EXPTE.2026025794)

O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026026777, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de Covelo na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 101.435,55 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Pavimentación de camiños con formigón en A Lamosa, Casteláns, Godóns e Barcia de Mera*" (Expte.2026025794), cun orzamento polo mesmo importe.

A solicitude de subvención contempla execución de obra por importe de 92.143,74 euros e honorarios técnicos por importe de 9.291,81 euros (5.420,22 euros de redacción de proxecto, 3.097,27 euros de dirección de obra e 774,32 euros de coordinación de seguridade e saúde).

En datas posteriores o concello subsana o documento técnico presentado inicialmente.



Deste modo, a petición do Concello de Covelo queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027	Achegas doutros Plans ou programas	Fondos propios do Concello
2026	101.435,55 €	101.435,55 €	0,00 €	0,00 €

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e



da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.

- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexeráse polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
-

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 09/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de COVELO (P3601300A), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 101.435,55 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS CON FORMIGÓN EN A LAMOSA, CASTELÁNS, GODÓNS E BARCIA DE MERA" (exp.2026025794), cuxo orzamento ascende a 101.435,55 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	101.435,55€	101.435,55€	0,00€	0,00€



O orzamento total contempla execución obra por importe de 92.143,74 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 5.420,22 Euros, dirección de obra por importe de 3.097,27 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 774,32 euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de COVELO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37403.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN, POR REINVESTIMENTO DE BAIXA, AO CONCELLO DE A ESTRADA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2025 LIÑA 1-INVESTIMENTOS, CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ARRANXO DE CAMIÑOS EN CALLOBRE - PLAN +PROVINCIA 2025" (EXPTE. 2026023259)

ANTECEDENTES

- Logo da disposición da baixa de adxudicación de varios investimentos incluídos no Plan +Provincia 2025, o Concello da Estrada ten o seguinte saldo ao seu favor:

EXPEDIENTE	INVESTIMENTO	SALDO
2025011301	Adquisición de colectores de RSU	4.235,00 €
2025020718	Arranxos na escola de Nigoi	74,28 €
2025021156	Mantemento da rede viaria municipal	2.979,58 €
2025019873	Pavimentación de viais rurais	77.779,76 €
	IMPORTE TOTAL	85.068,62 €

- Xustificada a actuación "*Contrato de subministración dun vehículo pala mixta retro-cargadora de nova fabricación para o servizo de obras*" (Expte.:2025018683), constátase un saldo a favor do concello por importe de 7.021,00 euros.



- En data 26/03/2026, mediante rexistro WEB2026023985, o Concello da Estrada solicitou, formalmente e en prazo, que a totalidade dos saldos mencionados anteriormente, importe que ascende a 92.089,62 euros, se aplique no financiamento do investimento "*Arranxo de camiños en Callobre – Plan +Provincia 2025*" (Expte.:2026023259), cun orzamento polo mesmo importe.
- En datas posteriores, o concello subsana a documentación achegada inicialmente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por R.D. 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das Facendas locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROFRJEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2025 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á



aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.

PROCEDENCIA DA CONCESIÓN

- Base 30ª das reguladoras do Plan +Provincia 2025, que permite a aplicación das baixas no financiamento de novos investimento sempre que o importe acumulado da baixa e do proxecto sexa igual ou superior a 10.000,00 euros no caso de obras. Para estes efectos, teñen a consideración de baixas definitivas as constatadas coa certificación final do investimento unha vez que esta foi fiscalizada coa conformidade da Intervención provincial.
- Base 31ª das reguladores do Plan +Provincia 2025 que establece que as baixas teóricas, individuais ou acumuladas, superiores 20.000,00 euros poderanse aplicar no financiamento de diferentes investimentos en obras, subministracións, propiedades inmateriais que se adxudiquen mediante un contrato de servizos e adquisición de bens inmobles, sempre que respecten o límite establecido na base décimo novena.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 02/07/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 06/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO



acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello da Estrada (P3601700B), ao abeiro do Plan +Provincia 2025 unha subvención, por reinvestimento de baixa, por importe de 92.089,62 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Arranxo de camiños en Callobre – Plan +Provincia 2025” (Expte.:2026023259), cun orzamento polo mesmo importe.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45.2025 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2025, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 3.8316 de 27/12/2024 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2025 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2025, o investimento subvencionado deberá estar executado o 31/12/2026 e xustificado na súa totalidade o 31/03/2027. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello da Estrada, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37404.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE LALÍN, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “ADQUISICIÓN INMOBLE “CASA TAÍN”” (EXPTE.2026024872)

O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026026024, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, petición do Concello de



Lalín na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 115.913,53 euros, co obxecto do financiamento do investimento “*Adquisición inmoble “Casa Taín”*” (Expte.2026024872), cun orzamento por importe de 250.913,53 euros.

Deste modo, a petición do Concello de Lalín queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención - Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutras administracións	Fondos propios do Concello
2026	250.913,53 €	115.913,53 €	135.000,00 €	0,00 €

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.



- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 10/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da



subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 08/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de LALÍN (P3602400H), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 115.913,53 euros, co obxecto do financiamento do investimento “ADQUISICIÓN INMOBLE “CASA TAÍN”” (Expte.2026024872), cuxo orzamento ascende a 250.913,53 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	250.913,53€	115.913,53€	135.000,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de LALÍN, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

10.37405.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SAN COSME E CAMIÑO DA QUINTA” (EXPTE. .2026017664)

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).



Con data 11/03/2026, o Concello de Mos, mediante rexistro WEB2026018651 (corrixido con data 27/03/2026, con rexistro WEB2026026024968), presentou en prazo e forma, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 234.040,78 euros co destino ao financiamento do investimento "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SAN COSME E CAMIÑO DA QUINTA" (expdte 2026017664), cuxo orzamento cífrase no mesmo importe.

Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención



para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 05/05/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 29/05/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de MOS (P3603300I), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 234.040,78 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO CAMIÑO DE SAN COSME E CAMIÑO DA QUINTA" (exp.2026017664), cuxo orzamento ascende a 234.040,78 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	234.040,78€	234.040,78€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de MOS, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



11.37406.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE AS NEVES, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO DE CARREIRACHÁN, GORBELAS, DA POZA E COOPERATIVA" (EXPTE.2026024720)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026001127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026025930, o Concello de As Neves formalizou en tempo e forma, a través da sede electrónica provincial, unha solicitude ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 90.317,87 euros, con destino ao financiamento do investimento "PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO CARREIRACHÁN, GORBELAS, DA POZA E COOPERATIVA" (Expdte 2026024720). O orzamento total da actuación cífrase na mesma contía, desagregado do modo seguinte: 84.025,87 euros de obra civil, 2.783,00 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto, 2.783,00 euros de dirección de obra e 726,00 euros en concepto de coordinación de seguridade e saúde.
- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do persoal facultativo técnico, de data 11/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, da mesma data, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do



informe da Intervención provincial, de data 09/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de AS NEVES, CIF: P3603400G, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 90.317,87 euros, con destino ao financiamento do investimento “PAVIMENTACIÓN EN CAMIÑO CARREIRACHÁN, GORBELAS, DA POZA E COOPERATIVA” (expdte 2026024720). O orzamento total da actuación cífrase na mesma contía, desagregado do modo seguinte: 84.025,87 euros de obra civil, 2.783,00 euros de asistencia técnica á redacción do proxecto, 2.783,00 euros de dirección de obra e 726,00 euros en concepto de coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial, na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo. Non obstante, a presente concesión queda condicionada a que o concello achegue, xunto coa primeira xustificación da axuda económica, a autorización sectorial da Deputación de Pontevedra (servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais) e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI). Deberá achegar, así mesmo, a resolución (ou acordo) de aprobación do proxecto técnico e a acta de trazado previo debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado a 31/12/2027 e xustificado a 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar á revogación da subvención.
- Notificar o presente acordo ao Concello de As Neves e darlle traslado á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.37407.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SUBSTITUCIÓN DE BIODISCOS E CAUDALÍMETROS DE ENTRADA E SAÍDA NA EDAR DE A CANUDA” (EXPTE.2026021121)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.



Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 18/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026021302), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de SALVATERRA DE MIÑO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 237.811,11 euros, con destino ao financiamento "SUBSTITUCIÓN DE BIODISCOS E CAUDALÍMETROS DE ENTRADA E SAÍDA NA EDAR DE A CANUDA", cun orzamento por importe de 237.811,11 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	237.811,11	237.811,11	0,00	0,00

O orzamento total contempla execución obra por importe de 221.113,11 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 7.441,50 euros, dirección de obra por importe de 7.441,50 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.815,00 euros.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).



- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE:

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 08/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 09/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 07/07/2026, a XUNTA DE GOBERNO acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO (P3605000C), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liñaal-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 237.811,11 euros, co obxecto do financiamento do investimento "SUBSTITUCIÓN DE BIODISCOS E CAUDALÍMETROS DE ENTRADA E SAÍDA NA EDAR DE A CANUDA" (exp.2026021121), cuxo orzamento



ascende a 237.811,11 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	237.811,11€	237.811,11€	0,00€	0,00€

O orzamento total contempla execución obra por importe de 221.113,11 euros, e as asistencias técnicas á redacción do proxecto por importe de 7.441,50 euros, dirección de obra por importe de 7.441,50 euros e coordinación de seguridade e saúde por importe de 1.815,00 Euros.

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SALVATERRA DE MIÑO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

13.37408.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SILLEDA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA". (EXPTE..2026021786)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.



En data 23/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026022418), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de SILLEDA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 259.561,26 euros, con destino ao financiamento "MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PEDROUZO, CERVAÑA E CORTEGADA, SILLEDA", cun orzamento por importe de 259.561,26 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	259.561,26	259.561,26	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia, da Deputación de Pontevedra, da Consellería de Medio Rural e do Ministerio de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
Vixésimo primeiro.- En data 22 de abril de 2026 a Intervención Provincial emite dilixencia de "FISCALIZADO E CONFORME" ao informe (CSV: NK508EI9B2GVVXSD) respecto da proposta de aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito o que permite continuar coa tramitación.

De acordo coas bases da convocatoria nas que se lle concedía a subvención por un máximo do 90% do gasto xustificado, cun importe máximo de custos de redacción estimados en 11.367,95 euros. O Concello de Tui xustificou finalmente un gasto total de 11.367,95 euros e a esta cantidade corresponderíalle o cobro da antedita subvención por un importe total de 10.231,16 euros.



Por todo o anteriormente exposto, emítense as seguintes CONCLUSIÓNs:

- Visto que o Concello de Tui presentou, en prazo e forma, a documentación para a xustificación da subvención concedida para a redacción de proxectos ou execución de obras de mobilidade amable e recuperación de espazos públicos dos concellos da rede Ágora.
- Visto que non se comprobou en prazo a conformidade da xustificación presentada, co alcance esixido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.
- Vistos os antecedentes expostos e previo trámite da Intervención.
- Consta dilixencia favorable de Intervención e informes técnicos que avalan a conformidade da xustificación.

De acordo co exposto, considerando que o órgano competente para a aprobación da xustificación do gasto polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de crédito é a Xunta de Goberno acordo por unanimidade:

Primeiro.- Estimar as alegacións presentadas polo Concello de Tui.

Segundo.- Declarar acreditado o cumprimento da obriga de difusión da colaboración da Deputación, ao constar publicacións na páxina web municipal e documentación complementaria.

Terceiro.- Acordar o arquivo do procedemento de perda do dereito ao cobro da subvención, ao non concorrer causa que o xustifique, unha vez acreditado o cumprimento da obriga de difusión.

Cuarto.- Aprobado o recoñecemento extraxudicial do gasto correspondente á subvención concedida ao Concello de Tui para a redacción do proxecto "Acondicionamento da contorna da Igrexa de Santiago de Baldrás" e o ordenamento do pago por importe total de 10.231,16 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.9420.762.10.2022 do vixente orzamento provincial.

19.37414.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9701 BAIÓN-ANDRÁS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+560 (CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA)". (EXPT. 2025019176)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/11/2025 acordou adxudicar á empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. (CIF B36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" por un importe de 880.656,85 € IVE engadido e un prazo de execución de SEIS (6) MESES a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.



Resultando.- Que con data 20/06/2026 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 20/07/2026.

Resultando.- Que data 02/07/2026 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026055043), escrito do contratista solicitando unha ampliación de prazo na execución da obra de UN (1) MES, debido a que durante a execución dos traballos detectáronse pequenas incongruencias entre o deseño das redes de canalizacións dos servizos afectados contempladas no proxecto e as prescricións actualmente exixidas polas compañías subministradoras de electricidade e telecomunicacións. Esta circunstancia obrigou a solicitar a ditas empresas o deseño de redes necesarias para poder soterrar os servizos existentes na actualidade en aéreo producindo un retraso na execución destas redes soterradas ata que proporcionaran os planos definitivos. A coordinación da execución das unidades contempladas no proxecto co inicio dos traballos de soterramento de redes e retirada dos postes existentes por parte de UFD e Telefónica tamén produciu retrasos na execución de determinadas unidades de obra.

Resultando.- Que de acordo co art. 195.2 da LCSP, consta no expediente con CSV: M7P1ICEM6VC8WGKH informe da responsable do contrato, que recolle o seguinte: "...a Dirección Facultativa considera que as causas de demora non son imputables ao contratista, sen deber causar penalidade algunha, entendendo xustificada a concesión da prórroga para a ampliación do prazo de execución da obra en UN (1) MES, ata o 20 de agosto de 2026....".

Resultando.- Que consta no expediente informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, a Secretaria da Deputación e o Interventor (CSV) 8UD4DMGEM5C3IPS8, no que se recolle que en atención o informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente autorizando a ampliación do prazo de execución en UN (1) MES, sendo a data de finalización deste contrato o 20/08/2026.

Considerando.- Que o artigo 193.1 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que: "...O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a execución sucesiva..."

Considerando.- Que o artigo 195.2 do mesmo texto legal, recolle no referente á ampliación do prazo d execución dos contratos o seguinte: "...Se o retraso fose producido por motivos non imputables ó contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándoselle un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor..."



Considerando.- Que o artigo 100 do Real Decreto 1098/2001 establece que: "1. A petición de prórroga por parte do contratista deberá ter lugar nun prazo máximo de quince días dende aquel no que se produza a causa orixinaria do retraso, alegando as razóns polas que estime non lle é imputable e sinalando o tempo probable da súa duración..."

Considerando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 28/11/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)".

Considerando.- Que o PCAP que rexe nesta contratación establece que atendendo ás necesidades existentes adxudicaranse os correspondentes contratos derivados.

Considerando.- Que os traballos obxecto dos contratos derivados que se adxudiquen terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A., para a adxudicación Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" por un importe de 726,57 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola xefa do servizo de Fiscalización que consta con CSV: M454D3SBFY06GXBX, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.02, dentro do proxecto de gasto código nº 2023059286, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto emitíuse o documento RC nº 12026000151036.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Conceder á empresa CONSTRUCCIONES E.C.CASAS S.L. (CIF B36147429), unha ampliación de prazo UN (1) MES, na execución do contrato de obras "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" establecendo coma data para finalizar a obra o día 28/08/2026, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.
2. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905) o Contrato derivado lote 2 AM seguridade e saúde na prórroga da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)"



(expte 2026055632), por un importe de 726,57 € IVE engadido de acordo co seguinte detalle:

Importe 600,47 €
IVE (21 %) 126,10 €
Importe total..... 726,57 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado terán lugar durante UN (1) MES polo que se amplía o prazo de execución do contrato de obras " Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9701 Baión-András, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+560 (Concello de Vilanova de Arousa)" con efectos dende o 21/07/2026.

Neste contrato derivado, nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026055632.

20.37415.- INVITACIÓN Á LICITACIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO PARA ADQUISICIÓN DO NOVO MODELO DE SUBSCRICIÓN CITRIX UNIVERSAL HYBRID MULTI-CLOUD PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO MARCO DO LOTE 2 DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN 25/2022 "SOFTWARE DE SISTEMA, DE DESENVOLVEMENTO E DE APLICACIÓN" DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. (EXPTE. 2026040281)

A Deputación de Pontevedra precisa renovar, con efectos do 1 de outubro de 2026, 578 licenzas Citrix Universal Hybrid Multi-Cloud, necesarias para garantir o acceso dos usuarios á infraestrutura corporativa de escritorios virtuais da organización. Esta renovación resulta imprescindible para asegurar a continuidade do servizo, facilitar o acceso remoto aos recursos corporativos e o desenvolvemento do teletraballo, así como para manter a plataforma en condicións adecuadas de licenciamiento, soporte e mantemento, de acordo cos requisitos establecidos polo fabricante. Ademais, permitirá completar a adaptación ao novo modelo de licenciamiento de Citrix, tras a anunciada discontinuación do modelo Citrix Private Cloud.



A necesidade desta actuación está directamente relacionada coa garantía de dispoñibilidade e correcto funcionamento das infraestruturas tecnolóxicas corporativas que dan soporte ao exercicio das competencias provinciais e á prestación dos servizos públicos da Deputación de Pontevedra. Neste sentido, a actuación proposta amparase nas competencias atribuídas ás deputacións provinciais polos artigos 36 e 37 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como polos artigos 109 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Tendo en conta que a Deputación de Pontevedra non dispón dos medios humanos e técnicos especializados necesarios para asumir directamente o subministro destas licenzas, en data 18 de maio de 2026 o Deputado Delegado en materia de Novas Tecnoloxías e Contratación dita providencia na que se propón contratar a adquisición do novo modelo de subscrición Citrix Universal Hybrid Multi-cloud para a Deputación de Pontevedra a través dun contrato específico no marco do Lote 2 (Software para a xestión de infraestrutura) do sistema dinámico de adquisición 25/2022 "Software de sistema, de desenvolvemento e de aplicación", da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Para a presente contratación invitarase ás empresa que figuran dentro do lote 2 do SDA 25/2022 a que presenten ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

O contrato terá unha duración de 3 anos, contados desde a data de efectiva subministración das licenzas, que deberá realizarse nun prazo máximo de 15 días naturais desde a formalización do contrato. En todo caso, a data de inicio da vixencia contractual non poderá ser anterior ao 1 de outubro de 2026. Non se establece posibilidade prórroga. O orzamento base de licitación é de 281.786,01 €, conforme ao seguinte detalle:

Orzamento base de licitación, sen IVE	232.881,00 €
IVE (21%)	48.905,01 €
Orzamento base de licitación, con IVE	281.786,01 €



Visto que con data 21/05/2026, a Intervención emite documento de retención de crédito número 12026000104393 polo importe de 93.928,67 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 2026/926.9260.206.00 do vixente orzamento provincial. Asemade, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para os exercicios 2027 e 2028 mediante os documentos RCFUT seguintes:

Anualidade	RCFUT	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2027	12026000104396	27/926.9260.206.00	93.928,67€
2028	12026000104399	28/926.9260.206.00	93.928,67€

Queda condicionado o gasto para todas as anualidades futuras (2027 e 2028) á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, as indicadas no cadro que antecede.

O servizo de Contratación elaborou o documento de invitación (CSV: 38593XZ7T8XE0HOR), previsto na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do Sistema Dinámico de Adquisición (SDA), e, con data 28 de maio de 2026, solicitou o preceptivo informe previo á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda.

Con data 3 de xuño de 2026, a citada Dirección Xeral emitiu informe previo desfavorable. Á vista das observacións formuladas no mesmo, o servizo de Contratación procedeu á revisión do documento de invitación e, unha vez efectuadas as oportunas correccións, solicitou novamente o preceptivo informe con data 5 de xuño de 2026, achegando para o efecto un novo documento de invitación (CSV: WDMQPLCRMXPXI2ED).

Posteriormente, con data 10 de xuño de 2026, a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación emitiu informe previo favorable condicionado. En consecuencia, o Servizo de Contratación elaborou un novo documento de invitación (CSV: 53HQLC9Q6KH89R4Y), incorporando as correccións e observacións sinaladas no citado informe, e solicitou o preceptivo informe da Secretaría.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 26 de xuño de 2026 (CSV: AR50PIFNHCP2VCG8).



Visto que con data 29 de xuño de 2026 o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 08 de xullo de 2026 (CSV: TEFIX91I91APBBTB).

Tendo en conta que, con data 10 de xullo de 2026 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa definitiva para a pretendida contratación (CSV: T38WQ14F4DPT0USQ), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato específico dun Sistema Dinámico de Adquisición, e o procedemento a aplicar é o regulado no SDA 25/2022 da Central de Compras do Estado.

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que “as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (..)”, e no punto 4 establece que “Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco”.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece “Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizaranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a adquisición do novo modelo de subscripción Citrix Universal Hybrid Multi-cloud para a Deputación de Pontevedra mediante sistema de pago por uso mediante Central de Contratación do Estado a través dun contrato específico no marco do Lote 2 (Software para a xestión de infraestrutura) do sistema dinámico de adquisición 25/2022 “Software de sistema, de desenvolvemento e de aplicación”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.



A subministración contratarase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Lote 2 do citado SDA 25/2022 (CSV: Q6DV0Q1J5Y4BUFJA), nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito SDA.

O prazo de duración será de tres anos, contados desde a data de efectiva subministración das licenzas, que deberá realizarse nun prazo máximo de 15 días naturais desde a formalización do contrato.

O orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o IVE) ascende á cantidade de 281.786,01 euros.

O valor estimado é de 232.881,00 euros.

2.- Aprobar o documento de invitación (CSV: 53HQLC9Q6KH89R4Y) que rexerá dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 281.786,01 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260.206.00	93.928,67€
2027	27/926.9260.206.00	93.928,67€
2028	28/926.9260.206.00	93.928,67€

As obrigas dos exercicios 2027 e 2028 quedarán condicionadas á aprobación do seu orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias.

4.- Nomear como responsable do contrato á Xefatura de Servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, invitando a presentación de proposicións ás empresas que forman parte do lote 2 do SDA 25/2022 (CSV: Q6DV0Q1J5Y4BUFJA).



O prazo rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contados desde a data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PLACSP).

21.37416.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO CORRESPONDENTE A "SUBMINISTRACIÓN DE ARTIGOS E PRODUTOS DE DROGUERÍA, ASEO PERSOAL E LIMPEZA E PRODUTOS DE LAVADO INDUSTRIAL PARA O CENTRO PRÍNCIPE FELIPE" (EXPT. 2021050993)(DEVOGARAN 2026012886).

Por acordo, número 17.31893, adoptado pola Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria, de data 23 de xuño de 2022 (CSV.- MY2KJOP27940PIW6), acordouse, entre outros asuntos, o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra de *"Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)"*. (Núm. Exp. 2021050993)

Para garantir a correcta execución do deste contrato, a entidade mercantil COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, do seguinte xeito:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
COVISAM NORTE, S.L. (B-70.416.011)	14.399,00€	2022000131704	17/06/2022

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Arquitectura (CSV.- ZVNHTV2QGIR7H81R), no cal sinala que *"(...) En relación coa Reparación de cuberta y fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio), o Servizo de Arquitectura e Urbanismo emite o seguinte INFORME:*

Primeiro-Tal e como se recolle na acta de recepción, os traballos obxecto do contrato foron executados de conformidade cos requisitos técnicos especificados no proxecto e, ata o día de hoxe, non se teñen comunicado deficiencias das que poidan derivar responsabilidades para a empresa adxudicataria, polo que non existe inconveniente para a devolución da garantía constituída.

Segundo- El importe correspondente á liquidación do contrato é 0 € (...)".



Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- 800P6KSJ4WCVIZPK), no cal indica que existe na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil COVISAM NORTE, S.L. (B-70.416.011), dunha garantía por ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: "Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución".

A XUNTA DE GOBERNO, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato que regulou a obra de *"Reparación de cuberta e fachada en zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)"* (Núm. Expte. 2021050993), sen que existan obrigas pendentes.

- SEGUNDO.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil COVISAM NORTE, S.L. (B-70416011), por resultar adxudicataria de dito contrato derivado, que foi a seguinte:

- o A constituída mediante aval emitido pola entidade BANCO SANTANDER, S.A., con N.I.F. A-39000013 *"Inscrito no REA co número: 0049 4885 81 2110000766"*, por importe de catorce mil trescentos noventa e nove euros (14.399,00 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 17/06/2022, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030626. (Carta de Pago número 202200131704).

22.37417.- VALIDACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 8 DO "CONTRATO DERIVADO LOTE 3-2025 DO ACORDO MARCO DE OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA". (EXPTE. 2025043467)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión extraordinaria de data 31/05/2024 acordou adxudicar a empresa "CONSTRUCCIONES FECHI, SL", con NIF B36258861, o *"Contrato derivado LOTE 3-2025 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra"*, por un importe de 636.298,74 € (IVE engadido) e un prazo de execución de SEIS (6) meses (CSV: 440QMNNDVWNKGBII).



Resultando.- Que en data 02/06/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a Certificación núm. 8 (FINAL) da obra polo período comprendido entre o 01/04/2026 e o 16/04/2026, por importe de 241.945,86 € (CSV: 3DQIKCT8H29A1IUC).

Resultando.- Que remitida a citada certificación ao Servizo de Intervención para a súa fiscalización, este devólvea informada en data 30/06/2026 (CSV: KWI7DMWJU4K5L22A), facendo constar as seguintes observacións:

“Apréciase unha demora na expedición da certificación, xa que comprende as obras executadas do 1 ao 16 de abril de 2026 e a súa expedición realizouse o 2 de xuño de 2026, excedendo o prazo dos 10 días seguintes ao mes que corresponde, establecido no art. 240 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A execución da obra rematou con data 16 de abril de 2026 e a súa recepción tivo lugar o día 3 de xuño do 2026, excedendo o prazo dun (1) mes desde a finalización da obra que establece a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210). Non existe xustificación no expediente para este retraso.”.

E concluíndo que *“Polo exposto, tendo en conta as observacións sinaladas, dado que as unidades de obra que se certifican se executaron, procedería a aprobación da certificación seguindo o procedemento de validación do gasto pola Xunta de Goberno. Non obstante, con carácter previo a dita aprobación debe incorporarse ao expediente informe xustificativo do retraso na recepción da obra”.*

Considerando o disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións públicas, relativo á validación de actos anulables.

Considerando que por Disposición Adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta á Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes precedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobado a validación da obriga de gasto relativa á certificación núm. 8 (FINAL) da obra do *“Contrato derivado LOTE 3-2025 do acordo marco de obras de conservación de firmes na rede*



viaria da Deputación de Pontevedra”, polo importe bruto de 241.945,86 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro		CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, SA (NIF A36008886)			
Aplicación orzamentaria		2026/456.4530.61201.2025			
Certificación núm.	Importe bruto	Descontos		Total descontos	TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR
		Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)	Control de calidade (3% PEM licit.)		
8 (FINAL)	241.945, 86 €	6.721,19 €	5.820,89 €	12.542,08 €	229.403,78 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

23.37418.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTE. (EXPTE. 2026054329)

Vista a relación de operacións con número 2026054329 (CSV: 10FGU29AQIC09S74), que contén 2 operacións por un importe de 133,49 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	133,49 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	133,49 €



24.37419.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS (EXPTES. 2026052739, 2026054330, 2026054339)

a) Vista a relación de operacións con número 2026052739 (CSV: 11HAWTVD58A7U67I) que contén 7 operacións por un importe de 21.894,10 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	21.894,10 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	21.894,10 €

b) Vista a relación de operacións con número 2026054330 (CSV: 1HXKCP614AGXMXNF) que contén 2 operacións por un importe de 990,36 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	990,36 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido.....	990,36 €

c) Vista a relación de operacións con número 2026054339 (CSV: 1G36WN8KBC0BU5TR) que contén 1 operacións por un importe de 663,00 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de



servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	786,50 €
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	123,50 €
Total líquido.....	663,00 €

25.37420.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN FINAL DA OBRA “MELLORA DA DRENAXE NA EP 2502 CERQUIDO-RIBADELOURO, DENDE O PQ. 0+000 AO PQ. 0+950 (CONCELLO DE O PORRIÑO)”. EXPTE. (2024070955)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 04/04/2025, acordou adxudicar a empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” (NIF B36147429) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)*”, por un importe de 283.442,90 € (IVE engadido) e un prazo de execución de SEIS (6) meses (CSV: VHEOA3R8OTNKZ2JY).

Resultando.- Que con data 20/05/2025 formalizouse acta de comprobación de replanteo, establecendo coma data para finalizar a obra o día 20/11/2025 (CSV: NE2GID2KOUQQUIRW).

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 21/11/2025 acordou conceder á empresa “CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL” unha ampliación de prazo de UN (1) mes na execución do contrato de obras “*Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)*”, establecendo como data para finalizar a obra o día 20/12/2025, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicarán ao contratista automaticamente as penalidades previstas (CSV: Q4OCZK12IS3T50S9).



Resultando.- Que o día 04/02/2026 a directora de obra emite o seguinte informe (CSV: AYL5AY8SWW5X6EST):

“Na última certificación ordinaria emitida (certificación núm. 8 correspondente aos traballos realizados en decembro de 2025), non se pode certificar a totalidade da obra ao non estar finalizada.

Unicamente quedan por executar as unidades de sinalización horizontal: marcas viarias e captafaros. Ditos traballos previsiblemente se executarán nun único día laborable e supoñen arredor dun 1% do importe de adxudicación.

Non foi posible a execución dentro do prazo vixente debido a causas meteorolóxicas. A pavimentación do firme realizouse a finais de novembro pero nese prazo non houbo un día no que o firme presentase as condición axeitadas para poder realizar os traballos de pintura.

Por outra banda, se considera que esta causa de demora non é imputable ó contratista”.

Resultando.- Que en data 27/03/2026 recepcionouse favorablemente a devandita obra.

Resultando.- Que en data 01/06/2026 a empresa adxudicataria achega polo rexistro electrónico desta Administración a certificación FINAL polo período comprendido entre o 20/05/2025 e o 23/02/2026 por importe de 26.153,27 € (CSV: OJ4JBYY4107MS6F9).

Resultando.- Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación FINAL, esta devólvea informada en data 03/07/2026 (CSV: YGPUPIFNYO59H7PF) facendo constar as seguintes observacións:

“A execución da obra rematou con data 23 de febreiro de 2026 e a súa recepción tivo lugar o día 27 de marzo de 2026, incumprindo o prazo dun (1) mes desde a finalización desta establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) para a súa recepción (art. 210).

Debido á demora tanto en recepcionar a obra coma sobre todo en expedir a certificación (01/06/2026) resulta imposible o cumprimento do prazo establecido para a aprobación da certificación final (art. 243 Lei 9/2017).

O prazo de execución da obra prorrogouse ata o 20/12/25 por acordo da Xunta de Goberno nº 19.35802 de data 21/11/2025.

Consta no expediente informe de xustificación do incremento de prazo de execución, emitido pola directora de obra, pero non consta a aprobación de dita ampliación polo órgano de contratación.

Debería evitarse, na medida do posible, que a sinatura dos documentos incorporados ao expediente sexa dixital”.



E concluindo que: *“Dado que a certificación comprende unidades de obra que están executadas fóra do prazo fixado para elo, sen que o mesmo fose ampliado, ou se fixase un novo prazo final para a terminación da obra, a aprobación da certificación debe realizarse polo procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”.*

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do presuposto do exercicio 2024, concretamente na base 17.1, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gasto relativa á certificación FINAL da obra *“Mellora da drenaxe na EP 2502 Cerquido-Ribadelouro, dende o pq. 0+000 ao pq. 0+950 (Concello de O Porriño)”*, polo importe bruto de 26.153,27 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
CONSTRUCCIONES EC CASAS, SL (NIF B36147429)	2026/456.4530.61201.2024	26.153,27 €
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		726,53 €
Control de calidade (3% PEM licit.)		598,59€
Total descontos		1.325,12 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		24.828,15 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.

Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.



26.37421.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á “ASOCIACIÓN EDUCATIVA E SOCIOCULTURAL SPORTSKIDS” PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE “II MINIDH VILA DO CORPUS” EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA BASEADO NA DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS EVENTOS RELACIONADOS CO DEPORTE DURANTE O ANO 2025, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 14 DE NOVENBRO DE 2025 (EXPTE.2025018851)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, sesión ordinaria de 14 de novembro de 2025 (acordo 12.35773) acordou concederlle á “ASOCIACIÓN EDUCATIVA E SOCIOCULTURAL SPORTSKIDS” (CIF G04953576) para a realización da actividade “II MINIDH VILA DO CORPUS” unha subvención de 2.082,64€.

O 29 de maio de 2026 (Ref. WEB2026046498) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención concedida.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

I. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o Fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 39, de 26 de febreiro de 2025.



2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluso o procedemento, salvo que téndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de des días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada pola “ASOCIACIÓN EDUCATIVA E SOCIOCULTURAL SPORTSKIDS” (CIF G04953576) á subvención concedida por importe de 2.082,64€ para a realización da actividade “II MINIDH VILA DO CORPUS” por non poder xustificar os custes totais da solicitude.
2. Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao servizo de Turismo, á Intervención e ao interesado.

27.37422.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS DO PLAN DE EQUIPAMENTOS PRODEPORTE PARA O ANO 2026 (PLAN PRODEPORTE 2026).
(EXPTE.2026054652)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, expediente relativo á “Aprobación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do plan de equipamentos ProDeporte para o ano 2026 (Plan ProDeporte 2026). (Expte.2026054652)”

28.37423.- COMUNICACIÓNS: non houbo.



29.37424.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

30.37425.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta e catro minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, a Secretaria que dou fe.

